

Central de balances trimestral

Terceiro trimestre de 2005

COMUNICADO

Recuperación dos ingresos de explotación no terceiro trimestre do 2005 trala forte caída sufrida ao comezo do ano

As 262 empresas que subministraron os datos do terceiro trimestre de 2005 permítenos obter este crecemento favorable dos ingresos de explotación, mais no que respecta á evolución interanual dos agregados e manexando información de 235 empresas podemos concluír que o incremento do agregado de consumos intermedios, que inclúe o custo das materias primas, foi superior ó experimentado polos ingresos de explotación; o que supón un retroceso interanual do valor engadido bruto do $-0,52\%$.

O indicador de clima industrial (ICI) segue unha tendencia descendente

As expectativas empresariais, medidas a través do ICI, seguen unha evolución parella ó IPI (índice de produción industrial) e tras un pequeno “respiro” no segundo trimestre de 2005 descenden ata un valor de 0,5 no terceiro trimestre de 2005.

Evolución do indicador de cofianza industrial

| PERÍODO | ICI | Nº EMPRESAS |
|---------|------|-------------|
| 2004 | | |
| 2º TRIM | 14,1 | 149 |
| 3º TRIM | 10,6 | 140 |
| 4º TRIM | 8,5 | 144 |
| 2005 | | |
| 1º TRIM | 3,4 | 134 |
| 2º TRIM | 6,9 | 125 |
| 4º TRIM | 0,5 | 118 |

Fonte: IGE. Central de Balances Trimestral

Forte crecemento do activo circulante

No apartado de investimento, coa mostra homoxénea entre os terceiros trimestres dos anos 2004 e 2005, atopamos aumentos do 4,2% no activo fixo fronte o 17,1% no activo circulante.

A taxa interanual de crecemento dos recursos alleos supera en máis de 10 puntos á dos recursos propios

No tocante ao financiamento, a variable de recursos propios segue unha traxectoria descendente en termos absolutos e presenta unha taxa interanual neste trimestre que estudamos do -2,8% mentres que os recursos alleos crecen o 8,3%.

Para máis información:

Publicacións relacionadas (opcional)

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>
e-mail: ige@xunta.es